


aquí está o BNG!

Desde o Concello tamén facemos País

Programa
Municipais
07

PROGRAMA MUNICIPAIS 2007

Mondoñedo, pensado para ti.



*Para que Mondoñedo avance,
Orlando González Cruz.*

VOTA



O BNG é recoñecido hoxe na sociedade galega como garantía dos valores éticos na política, unha garantía que se traduce en concellos transparentes e igualitarios no trato aos/as cidadáns/ás e no respecto aos seus dereitos, en cargos públicos comprometidos na súa acción política co interese público e nunca co privado, e en gobernos municipais que entenden a democracia baseada no diálogo e na participación activa e directa na vida municipal de toda a poboación e das súas organizacións representativas.

Para o BNG os concellos son un instrumento fundamental para a mellora da calidade de vida e a conquista do benestar e a igualdade.


Traballar polo desenvolvemento do concello de Mondoñedo e polo benestar dos veciños e veciñas é a prioridade da candidatura do BNG. Desde o compromiso e a solidariedade, con diálogo, transparencia e participación, pretendemos xestionar e levar a cabo as seguintes medidas programáticas:

BENESTAR SOCIAL

- Incorporación ao CONSORCIO do servizo de Igualdade e do Benestar.
- Criación dun CENTRO DE DÍA RESIDENCIAL de titularidade e xestión pública.
- Servizo de Información, Orientación e Asesoramento sobre dereitos e recursos sociais dispoñíbeis.
- Ampliación do servizo de Axuda no Fogar.
- Servizo de integración e emerxencia social.
- Programas específicos para a infancia, xuventude, persoas maiores, poboación dependente, persoas con discapacidade, minorías étnicas, inmigrados/as.
- Desenvolvemento e extensión do servizo de teleasistencia para persoas maiores no seu fogar.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Xestión a prol dunha Residencia para persoas maiores.
- Ampliación do servizo de Gardería Municipal.

URBANISMO E ORDENACIÓN TERRITORIAL

- Redacción e aprobación dun PLANO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.
- Plano de Rehabilitación do casco e barrios históricos.
- Renovación de espazos urbanos: Alcántara, Fonte Vella, Os Muiños, San Lázaro.
- Adquisición de inmobles no casco histórico para vivenda protexida.
- Vivenda protexida para menores de 35 anos.
- Ampliación da Area de Rehabilitación Integral. Revisión do PEPRI.
- Creación de solo para vivenda protexida.
- Planos especiais para a protección, rehabilitación e mellora do medio rural.
- Planos especiais de protección: Fraga de Rio Seco, Fraga Vella, Concas dos ríos Masma e Valiñadares.



DESENVOLVEMENTO E FOMENTO DO EMPREGO

- Criación do Centro de iniciativas empresariais (viveiro de empresas).
- Facilitar solo industrial e favorecer a implantación de empresas.
- Fomento do Asociacionismo e o Cooperativismo.
- Promover a formación profesional ocupacional.
- Asesoramento e información a través de técnicos locais de emprego.

COMERCIO

- Elaboración dun plano estratéxico para o fomento e promoción do comercio en colaboración cos comerciantes.
- Promoción do Asociacionismo empresarial e comercial.
- Difusión das novas tecnoloxias no sector.
- Promover a rehabilitación, acondicionamento e dotación dos locais ou baixos comerciais.
- Recuperación do mercado local con proxección comarcal.

TURISMO

- Elaboración dun plano de desenvolvemento turístico.
- Recuperación e posta en valor do noso patrimonio histórico, cultural e natural como produto turístico de calidade.
- Covas do Rei Cintolo: Declaración de Monumento Natural, establecer un diálogo multilateral para a súa apertura e posta en valor como recurso turístico.
- Recuperación e criación de rotas de sendeirismo.
- Campañas de promoción e divulgación. Presenza en feiras internacionais.
- Criación dun Camping Municipal.
- Potenciación e promoción de festas de interese turístico.
- Potenciación e recuperación do Camiño Norte.
- Centro de Estudo e Interpretación do Camiño Norte.



ÁREA RURAL

- Completar a rede de abastecemento de auga.
- Completar progresivamente a rede de saneamento en barrios e parroquias.
- Xestionar a axilización das concentracións parcelarias iniciadas.
- Mellora e acondicionamento de pistas e camiños.
- Convenio coa Consellería de Medio Rural para traballos de prevención e extinción de incendios forestais, e cooperación con todos os axentes sociais e institucionais implicados na loita contra o lume.
- Colaboración e apoio ás iniciativas das CMVMC e propietarios forestais dirixidas á ordenación de montes e prevención de incendios forestais.
- Internet no medio rural.
- Televisión Dixital Terrestre en todo o Concello.
- Completar a rede de locais sociais nas parroquias e equipar aos actuais.





UNHA CANDIDATURA INTEGRADA POR PERSOAS CON CAPACIDADE, DISPOÑIBILIDADE E EXPERIENCIA

- 1.- Orlando González Cruz, Médico, veciño de Mondoñedo.
- 2.- Anxel Díaz García, empregado de Alcoa, concelleiro durante desde 1993 ata 1999. Reside na parroquia do Carme.
- 3.- Xusto Fernández Haro, concelleiro desde 1987, actual portavoz municipal, foi deputado provincial no período 1999-2003. Veciño de Mondoñedo.
- 4.- Víctor Vila López, enfermeiro do Centro de Saúde, concelleiro na actual corporación municipal, reside no Coto da Recadieira.
- 5.- Elena Freire Castro, empregada e veciña de Mondoñedo.
- 6.- Xoán Carlos Bouso Carballeira, traballador asalariado, responsábel local do BNG de Mondoñedo e veciño de Sta. M^a Maior.
- 7.- Ena Fernández Lagar, enfermeira no Centro de Saúde de Mondoñedo.
- 8.- Xulio Rodríguez Bermudez, labrego do sector da horta, veciño de Seivane.
- 9.- Xosé Marful Díaz, empregado no sector da madeira e veciño da parroquia de Masma.
- 10.- Isabel González García, empregada e veciña da cidade de Mondoñedo.
- 11.- Caetano Rubiños Sanmartín, traballador asalariado e veciño de Viloalle.

SUPLENTES

- 1.- Xosé Luís Fernández Rivera, veterinario.
- 2.- Marián Salgueiro Castro, traballadora autónoma e veciña de Mondoñedo.
- 3.- Feliciano Berdeal-Gonzalez Berdeal, traballador asalariado, veciño de Masma.

CULTURA

- Creación do Padroado da cultura.
- Programación cultural estable (teatro, música, cine...). Incorporación ao IGAEM.
- Promover a participación dos colectivos sociais, culturais e veciñais.
- Creación dunha rede de museos municipais.
- Potenciación da Escola Municipal de Música.
- Recuperación do patrimonio material e inmaterial do concello e recollida do mesmo.
- Revitalización da Fundación Alvaro Cunqueiro.
- Criación dunha emisora municipal.
- Criación do servizo de Normalización Lingüística.
- Recuperar e promover irmanamentos con outros concellos.
- Recuperación e posta en valor de xacementos arqueolóxicos.
- Celebración de Encontros, Seminarios e Congresos.

DEPORTE

- Garantir o acceso a actividade físico-deportiva para tódalas persoas.
- Especial atención ao deporte de base: potenciar as escolas deportivas municipais modificando o seu planteamento e funcionamento.
- Campañas de animación ao deporte nos centros de ensino.
- Xornadas de práctica deportiva.
- Promoción do deporte recreativo, de aventura e de actividades no medio natural.
- Recuperación de xogos populares.
- Xestión a prol da climatización da piscina municipal.
- Ximnasio municipal no pavillón polideportivo.
- Remate da pista deportiva do colexio de E.X.B.
- Recuperación e acondicionamento da area recreativa do Coto.



MULLER

- Contribuir desde o concello a correxir a discriminación das mulleres por medio de accións que camiñen cara á igualdade real en cooperación coa Vicepresidencia da Xunta de Galiza.
- Funcionamento estable do CIM.
- Elaboración e aplicación do plano de igualdade.
- Campañas educativas de promoción e fomento de igualdade.
- Promover o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos sociais.
- Medidas de acción positiva cara a consecución de postos de traballo para as mulleres.
- Cursos de capacitación e medidas de acción positiva para a súa incorporación ao mundo laboral.

MEDIOAMBIENTE

- Promover unha educación ambiental en todo o concello a través de convenios con asociacións e colectivos.
- Saneamento e acondicionamento dos ríos Masma, Valiñadares e afluentes.
- Ampliación da rede de depuración e funcionamento da estación de bombeo e da depuradora ao 100%.
- Tratamento dos residuos sólidos urbanos fundamentado na redución, reutilización e reciclaxe.
- Recollida selectiva do lixo e creación dun punto limpo.
- Aforro enerxético.
- Soterramento de contedores de lixo nos barrios e casco histórico.
- Ampliación da recollida selectiva no medio rural.
- Vertedoiro de inertes.



MOCIDADE

- Potenciar o funcionamento das infraestructuras actuais (casa da xuventude, oficina de información xuvenil, biblioteca, instalacións deportivas).
- Promoción do Asociacionismo xuvenil.
- Facilitar o acceso de mozos /as á vivenda protexida en cooperación coa Consellería de Vivenda (información, asesoramento e apoio).
- Promover actividades que diversifiquen o lecer nocturno.

SANIDADE

- Ampliación de servizos no Centro de Saúde de Mondoñedo: Matrona, Análisis, Radioloxía, Fisioterapia, Traballadora Social, Saúde buco-dental, Cirurxia menor, Telemedicina, Optometría.
- Campañas de fomento de hábitos saudábeis de vida.

**Mondoñedo,
pensado para ti.**

aquí está o BNG !

Desde o Concello tamén facemos País

Programa
Municipais
07

PROGRAMA MUNICIPAIS 2007



Na foto, o candidato á alcaldía de Mondoñedo polo Bloque Nacionalista Galego, Orlando González Cruz, acompañado da Conselleira de Vivenda, Tereixa Táboas, e do Conselleiro de Industria, Fernando Blanco.

Entre todos, faremos que Mondoñedo avance.

